

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

2202 *ORDE AEC/163/2007, do 25 de xaneiro, pola cal se desenvolve o Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos Cooperantes. («BOE» 29, do 2-2-2007.)*

O 14 de maio de 2006 entrou en vigor o Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes (BOE do 13 de maio), no cal, en cumprimento do disposto no artigo 38.2 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, se recolle o marco normativo en que se deben encadrar os aspectos esenciais do labor dos cooperantes, principalmente no que atinxe aos seus dereitos e obrigas.

O Estatuto dos cooperantes contén unha serie de cuestións que afectan a Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI), cuestións que requiren dun desenvolvemento ulterior para se poderen materializar. En consecuencia, esta Orde Ministerial constitúe un desenvolvemento parcial do Estatuto dos cooperantes en relación con aquelas obrigas que este impón á AECI.

En particular, regúlanse unha serie de cuestións de procedemento relativas ao depósito de documentos na AECI, a que se refiren os artigos 5.4 e 6.3 do Estatuto dos cooperantes, e ao referendo pola AECI das certificacións de labores emitidas polas entidades promotoras da cooperación. A xestión de ambos os procedementos atribúese ao Rexistro de Organizacións Non-gobernamentais. En todo caso, nos procedementos descritos débese respectar o establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

No que respecta ao seguro colectivo dos cooperantes, a Orde Ministerial establece os capitais mínimos que se deberán asegurar en todo caso. Igualmente, regúlase o réxime aplicable ao período transitorio até a AECI concertar o seguro colectivo e até ser aprobado o regulamento de funcionamento interno do Fondo para a segurancia colectiva dos cooperantes creado pola disposición adicional quincuaxésima da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

Por último, establécense algúns dos criterios que a AECI deberá seguir con ocasión dos convenios de colaboración que poida subscribir coas comunidades autónomas, ben como as cuestións que son de aplicación aos cooperantes vinculados a entidades relixiosas.

A disposición derradeira primeira do Real decreto habilita o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación para ditar as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do Real decreto 519/2006.

En virtude de todo isto, despois do informe favorable da Avogacía do Estado no Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, dispoño:

Primeiro. Depósito de documentos na AECI por parte das entidades promotoras da cooperación.—As entidades promotoras da cooperación deberán depositar na AECI no prazo de 20 días hábiles desde a súa sinatura unha copia do acordo complementario de destino e unha copia simple do contrato de traballo suscrito co cooperante en que figure o acordo complementario de destino como anexo. Poderase substituír a copia simple do contrato pola información telemática do rexistro do contrato no INEM.

En todo caso, no acordo complementario de destino, cuxo modelo figura como anexo a esta orde ministerial, deberá constar expresamente o consentimento do cooperante para que os datos de carácter persoal contidos na documentación mencionada no parágrafo anterior poidan ser cedidos ou comunicados á AECI exclusivamente para efectos do referendo e do seguro colectivo a que se refire esta Orde, cumpríndose así co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Segundo. Procedemento para o depósito de documentos na AECI.—O depósito de documentos a que se refire o número anterior farase na AECI en canto non se constitúan, se for o caso, mecanismos de depósitos similares nas comunidades autónomas en virtude dos correspondentes convenios de colaboración de acordo co que se dispón no punto sexto desta orde ministerial.

O Rexistro de Organizacións Non-gobernamentais para o Desenvolvemento (Rexistro de ONGD) adscrito á Subdirección Xeral de Cooperación Multilateral e Horizontal da AECI constitúese como o órgano encargado da custodia dos documentos depositados.

A presentación e o rexistro de documentos realizarase consonte o disposto no artigo 38 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando no sobre: «Estatuto dos Cooperantes. Rexistro de ONGD. Depósito de acordo complementario de destino e [cando proceder] de contrato de traballo. Axencia Española de Cooperación Internacional. Avenida Reyes Católicos, n.º 4, 28040 Madrid».

Unha vez recibidos os documentos no Rexistro Xeral da AECI, darase traslado deles ao Rexistro de ONGD, cuxo encargado deberá comprobar os seguintes aspectos:

a) Que a entidade promotora da cooperación que presentou os documentos está inscrita no Rexistro de ONGD da AECI ou que presenta certificado de estar inscrita nun rexistro similar das comunidades autónomas.

b) Que se presentou o acordo complementario de destino debidamente formalizado de acordo co modelo oficial aprobado no anexo desta Orde Ministerial.

c) Que o país ou territorio indicado no acordo complementario de destino cumpre cos requisitos do artigo

2.4 do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes, é dicir, que sexa un país ou territorio beneficiario de axuda ao desenvolvemento tal e como os define o Comité de Axuda ao Desenvolvemento da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico.

d) Que o proxecto indicado no acordo complementario de destino cumpra cos requisitos do artigo 2.2 do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes, é dicir, que teña como obxecto o desenvolvemento ou a execución de accións de cooperación ao desenvolvemento ou humanitarias.

e) Que se presentou, se é o caso, unha copia simple do contrato de traballo suscrito entre a entidade promotora da cooperación e o cooperante. Neste suposto, non será necesario depositar a copia do contrato de traballo na súa integridade, e pode ser substituída polo depósito da copia simple da folla resumo do contrato de traballo onde figuren todos os datos contidos nel.

f) Nos casos de misións de emerxencia (recoñecidas pola AECl) e en espera de que se desenvolva lexislativamente a administración electrónica, poderase enviar a documentación mediante procedemento electrónico (formulario on-line, correo electrónico) coa sinatura do cooperante escaneada.

No suposto de cooperantes cun contrato de traballo de duración indeterminada que sexan destinados sucesivamente para a execución sobre o terreo de distintos instrumentos de cooperación, o depósito da copia simple do contrato de traballo realizarase unha vez, en canto non cambie o contido do correspondente contrato, de maneira que a entidade promotora da cooperación só deberá depositar os sucesivos acordos complementarios de destino que subscriba co cooperante, facendo referencia neles ao contrato de traballo xa depositado na AECl.

O rexistro de ONGD disporá dun prazo de 45 días desde a recepción da documentación para realizar as comprobacións antes sinaladas e, se for o caso, para solicitar ao depositante que emende os erros detectados, deposite os documentos non presentados ou realice as aclaracións complementarias que corresponda. Neste caso, o Rexistro de ONGD dirixirase á entidade promotora da cooperación correspondente para que no prazo de 10 días desde a recepción da notificación de erros os poida emendar. Transcorrido este prazo sen que se recibise na AECl a emenda requirida, entenderase que os documentos non foron depositados na AECl.

Terceiro. *Referendo pola AECl da certificación de labores realizados emitida polas entidades promotoras da cooperación.*—De acordo co establecido no artigo 9 do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes, a AECl debe referendar os certificados que fagan fe dos labores realizados polos cooperantes que emitan as entidades promotoras da cooperación.

Para efectos do disposto no punto anterior, enténdese por referendo o cotexo por parte da AECl do certificado que faga fe dos labores realizados emitido pola entidade promotora coa copia do acordo complementario de destino e, se for o caso, do contrato de traballo correspondente, con obxecto de determinar que o contido dos documentos cotexados coincide.

O Rexistro de ONGD adscrito á Subdirección de Cooperación Multilateral e Horizontal da AECl constitúese como o órgano encargado do referendo da certificación de labores realizados.

Para a obtención do referendo por parte da AECl deberán presentarse no Rexistro Xeral da AECl os seguintes documentos:

a) A solicitude de referendo debidamente formalizada.

b) A copia simple do certificado de labores realizados emitido pola entidade promotora da cooperación.

A presentación dos documentos referidos anteriormente realizarase de acordo co disposto no artigo 38 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando no sobre: «Estatuto dos Cooperantes. Rexistro de ONGD. Referendo de certificación de labores realizados. Axencia Española de Cooperación Internacional. Avenida Reyes Católicos, n.º 4, 28040 Madrid».

O Rexistro Xeral da AECl dará traslado ao Rexistro de ONGD dos documentos presentados. No prazo de 40 días desde a presentación o Rexistro de ONGD enviará á persoa que solicitou o referendo un certificado en que se faga constar que, unha vez cotexados os documentos pertinentes:

a) Os datos contidos no certificado de labores realizados corresponden cos que figuran no acordo complementario de destino e, se é o caso, no contrato de traballo correspondente que debe ter sido previamente depositado na AECl, de acordo co disposto no punto segundo desta orde ministerial.

b) O certificado dos labores realizados presentado pola persoa ou entidade promotora da cooperación contén a información que exige o Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes no seu artigo 9, é dicir, a duración dos servizos prestados, o posto ou postos de traballo desempeñados e as principais tarefas desenvolvidas polo cooperante.

O Rexistro de ONGD poderá solicitar unha corrección de erros nos mesmos termos e efectos que se dispoñen no punto segundo desta Orde relativo ao depósito de documentos.

O referendo poderase solicitar nos termos establecidos neste punto para todos os contratos que se asinaron desde a entrada en vigor do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes.

Cuarto. *Fondo para a segurancia colectiva dos cooperantes.*—Facendo uso da posibilidade prevista na disposición transitoria segunda do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes, a Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, estableceu na súa disposición adicional quincuaxésima a constitución dun Fondo para a segurancia colectiva dos cooperantes.

O obxecto do Fondo consiste na promoción, contratación, xestión e administración das pólizas de seguros colectivas adecuadas para a cobertura do persoal cooperante. Estas pólizas deberán cubrir, como mínimo, de acordo co disposto no artigo 12 do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes, as contingencias a que se refire o seu artigo 10.1.e).

A dotación financeira do Fondo estará constituída polas achegas do Estado e do resto das entidades públicas e privadas promotoras da cooperación que se adhiran ao seguro colectivo. A achega do Estado ao Fondo provirá das partidas correspondentes do orzamento ordinario de gastos da AECl.

A constitución, organización e funcionamento do Fondo, ben como a participación das entidades que desexen adherirse, de acordo co disposto no parágrafo anterior, será obxecto de regulación mediante o correspondente regulamento de desenvolvemento.

Quinto. *Capital mínimo asegurado.*—Tanto a AECl na contratación do seguro colectivo, como as entidades promotoras da cooperación que subscriban pólizas independentes para a segurancia dos seus cooperantes de acordo co disposto no artigo 12 do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes, deberán asegurar como capitais mínimos os seguintes:

a) Falecemento por accidente ou enfermidade: 72.121,45 euros por asegurado.

b) Incapacidade permanente total para a profesión habitual derivada dun accidente ou enfermidade: 72.121,45 euros por asegurado.

c) Incapacidade permanente absoluta para calquera profesión ou oficio derivada dun accidente ou enfermidade: 72.121,45 euros por asegurado.

d) Grande invalidez derivada dun accidente ou enfermidade: 72.121,45 euros por asegurado.

e) En caso de incapacidade permanente parcial por accidente, e en función da perda ou minusvalidez sufrida, o pagamento dunha porcentaxe sobre un capital base de 72.121,45 euros por asegurado.

f) Asistencia en viaxe: 45.000 euros.

g) Asistencia sanitaria: 1.000.000 euros.

Os capitais asegurados de incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta para calquera profesión e grande invalidez non son, se for o caso, acumulativos.

Sexto. *Convenios de colaboración coas comunidades autónomas.*—A disposición adicional cuarta do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes, dispón que o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e a AECl poderán subscribir coas comunidades autónomas os convenios de colaboración que resulten necesarios para a regulación do intercambio de información; o rexistro de persoas ou entidades promotoras da cooperación; contratos e acordos complementarios de destino dos cooperantes e a achega económica, se é o caso, que corresponda ás CCAA para adherirse ao seguro colectivo promovido pola AECl.

A AECl admitirá, para todos os efectos, os rexistros que, se é o caso, establezan as comunidades autónomas, de acordo co que se determine nos correspondentes convenios de colaboración.

Sétimo. *Cooperantes vinculados a igrexas, confesións ou comunidades relixiosas.*—Os cooperantes dependentes das entidades relixiosas que se especifican na disposición adicional quinta do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes rexeranse pola súa normativa específica.

Non obstante, cando executen proxectos financiados pola AECl poderanse adherir ao seguro colectivo que concerte a AECl sempre e cando, de acordo co procedemento descrito no punto segundo desta orde, depositen na AECl, indicando no sobre «Estatuto dos Cooperantes. Rexistro de ONGD. Adhesión ao seguro colectivo dos cooperantes. [Nome da entidade relixiosa]», o seguinte:

a) Unha declaración responsable asinada polo responsable da entidade relixiosa ou polo superior xerárquico, da adscrición á entidade relixiosa do cooperante en cuestión. Nesa declaración deberase indicar igualmente o número de inscrición da entidade relixiosa no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza.

b) Unha copia simple do acordo complementario de destino que deben subscribir o cooperante e a entidade

relixiosa correspondente, debidamente formalizado naquelas cuestións que lles sexan de aplicación, de acordo co modelo que se contén no anexo.

Disposición transitoria primeira. *Aseguranza por parte das entidades promotoras da cooperación en canto se produce a contratación do seguro colectivo por parte da AECl.*

De acordo co disposto na disposición transitoria primeira do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes, desde o momento de entrada en vigor do estatuto, é dicir desde o 14 de maio de 2006, e até a concertación do seguro colectivo por parte da AECl, é responsabilidade de cada entidade promotora da cooperación a aseguranza dos seus cooperantes polos riscos previstos no seu artigo 10.1.e).

As entidades promotoras da cooperación que, durante o período transitorio a que se refire o parágrafo anterior, manifestasen, mediante escrito dirixido á Subdirección Xeral de Cooperación Multilateral e Horizontal da AECl, o seu desexo de adherirse ao seguro colectivo, poderán solicitar da AECl unha axuda de até o 50% das primas que satisfixesen durante ese período e que fosen financiadas integramente cos fondos propios da entidade promotora correspondente. Estas axudas outorgaranse de acordo co procedemento e os requisitos que se fixen en cumprimento do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria segunda. *Contratación pola AECl do seguro colectivo até a posta en funcionamento do Fondo.*

En canto non se produza a aprobación do regulamento de funcionamento do Fondo para a aseguranza colectiva dos cooperantes, a que se refire a disposición adicional quincuaxésima da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, a AECl contratará, como tomador, o seguro colectivo a que se refire o artigo 12 do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes. A este seguro poderanse adherir as entidades promotoras da cooperación, as comunidades autónomas, de acordo co que se estableza nos respectivos convenios de colaboración e, se for o caso, outras administracións públicas que promovan proxectos de cooperación internacional.

Disposición derradeira.

Esta Orde Ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 25 de xaneiro de 2007.—O ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Miguel Ángel Moratinos Cuyabé.

ANEXO

Modelo de acordo complementario de destino

Artigo 5 do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes.

(anverso)

¹ Este acordo complementario de destino figura como anexo ao contrato de traballo {tipo/número e duración} suscrito entre {entidade promotora} e {cooperante} o {data} e {depositado na AECI o ..²}.

³ Este acordo complementario de destino subscríbese entre {Administración pública que se constitúe como entidade promotora} e {cooperante que sexa funcionario ou sometido a réxime estatutario desa Administración⁴}

1. País ou territorio de destino beneficiario da axuda ao desenvolvemento en que o cooperante vai desempeñar o seu labor
2. Estado, concello ou comunidade en que radique o establecemento ou centro de traballo a que se adscribe o cooperante no país de destino
3. Descrición do proxecto ou programa a que se destina o cooperante
4. Data de inicio da prestación de servizos
5. Data estimada de finalización⁵
6. Desenvolvemento e contido do artigo 10 e 11 do Real decreto 519/2006. Ambas as partes confirman que coñecen e se comprometen a garantir o cumprimento e desenvolvemento de ambos os artigos, cada un no ámbito da súa responsabilidade.
7. Con obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o cooperante manifesta o seu consentimento para que os datos de carácter persoal contidos no contrato de traballo e no presente acordo complementario de destino poidan ser cedidos ou comunicados á Axencia Española de Cooperación Internacional para efectos do referendo e do seguro colectivo aos cales se refire a Orde.....2007 pola cal se desenvolve o Real decreto 519/2006, do 28 de abril, que establece o Estatuto dos cooperantes.

Cooperante
DNI

Entidade promotora
DNI do representante
Nº de identificación da entidade

Asinado e conforme.

¹ Parágrafo que se cubrirá se é de aplicación o artigo 6.3 do Estatuto dos cooperantes, é dicir, cando o cooperante teña unha relación laboral formalizada mediante un contrato de traballo cunha entidade promotora da cooperación.

² Información que se cubrirá en caso de que o contrato de traballo fose previamente depositado na AECI.

³ Parágrafo que se cubrirá cando o cooperante teña una relación funcional ou estatutaria cunha Administración pública.

⁴ Neste suposto deberase indicar o réxime funcional ou estatutario a que está sometido o cooperante.

⁵ No suposto de que a data de terminación puidese estar suxeita a calquera continxencia non prevista no programa ou proxecto, a finalización deberá ser comunicada ao cooperante cunha anticipación mínima dun mes.

ANEXO AO ACORDO COMPLEMENTARIO DE DESTINO**Transcripción dos dereitos e obrigas dos cooperantes descritos nos artigos 7 a 12 do Estatuto dos cooperantes**

(reverso)

Artigo 7. Situacións de excedencia e asimilables.

1. Os cooperantes terán dereito a se reincorporar, ao seu regreso da misión de cooperación internacional ou axuda humanitaria, ao mesmo posto de traballo que tivesen antes de ser enviados para realizar as tarefas de cooperación, cando os traballos de cooperación internacional se realizasen para a mesma entidade para a cal prestaban os seus servizos en España, conforme o disposto na lexislación correspondente.

2. Cando a persoa ou entidade para a cal se vaia realizar a actividade de cooperación sexa distinta da entidade, empresa ou Administración para a cal o cooperante veña desempeñando o seu traballo habitual, será de aplicación o seguinte, respecto ao seu posto de traballo habitual:

a) Se o cooperante é funcionario dunha Administración pública, ou está suxeito a un réxime de persoal estatutario ao servizo dos servizos públicos de saúde, a partir do momento en que sexa enviado a realizar tarefas de cooperación para o desenvolvemento ou acción humanitaria, e sempre que estea previsto que se prolonguen durante máis de seis meses, pasará á situación de servizos especiais, prevista no artigo 29.2.a) da Lei 30/1984, do 2 de agosto (RCL 1984,2000,2317; ApNLD6595), de medidas para a reforma da función pública, e no artigo 64.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro (RCL 2003, 2934), do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Se non se alcanzar a sinalada duración de seis meses, o cooperante permanecerá en situación de servizo activo.

b) Se se tratar dunha relación laboral, o traballador pasará á situación de excedencia voluntaria, tendo dereito á reserva do seu posto de traballo de acordo co establecido no artigo 46 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou, se é o caso, no convenio colectivo que resulte de aplicación.

Artigo 8. Incompatibilidades.

Non poderán adquirir a condición de cooperante regulada neste estatuto, ou perderana cando xa a tiveren adquirido, os que realicen as seguintes funcións ou traballos:

- a. Os propios dos funcionarios, axentes e persoal do Goberno, membros das Forzas de Seguranza, membros das Forzas Armadas, cargos públicos electos ou de libre designación, de calquera goberno ou administración pública territorial do Estado onde se desenvolva o proxecto de cooperación para o desenvolvemento ou acción humanitaria. En caso de que nese territorio exista máis dun Goberno recoñecido por cando menos tres Estados, esta incompatibilidade aplicaráselles a todos eles.
- b. Aqueles que impliquen colaboración cos obxectivos ou actividades dalgunha empresa, sociedade ou compañía con ánimo de lucro, de ámbito multinacional ou local, que manteña actividades relacionadas cos recursos naturais do Estado ou territorio onde se desenvolva o proxecto de cooperación para o desenvolvemento ou acción humanitaria, ou que poidan producir efectos negativos na saúde das persoas ou efectos significativos no ambiente natural ou na flora ou fauna locais.

Artigo 9. Certificación dos labores realizados.

Co fin de facilitar a reincorporación ao mercado laboral dos cooperantes e o cómputo do traballo realizado, para efectos do sinalado no artigo 10.1.g, unha vez finalizada a súa misión, a persoa ou entidade promotora da cooperación para o desenvolvemento ou a acción humanitaria emitirá un certificado que faga fe da duración dos servizos prestados na actividade de cooperación ao desenvolvemento, así como do posto ou dos postos de traballo desempeñados e as principais tarefas realizadas en cada un deles polo cooperante, que deberá ser referendado pola Axencia Española de Cooperación Internacional no prazo máximo de 40 días ou polo órgano e procedemento que, se é o caso, determine cada comunidade autónoma para o acceso aos postos de traballo da súa Administración.

Artigo 10. Dereitos dos cooperantes

1. Os cooperantes gozarán dos dereitos que se relacionan nas alíneas seguintes, sen prexuízo dos que lles corresponden de acordo co previsto nas disposicións legais aplicables aos cidadáns españois no exterior, e de calquera outros dos que sexan titulares en virtude doutras disposicións.

- a. Dereito a recibir unha formación adecuada para o desempeño do seu labor, antes da súa partida a un país beneficiario de axuda ao desenvolvemento.
- b. Dereito a recibir información sobre os aspectos determinados nas alíneas e e f do artigo 5.3.
- c. Dereito ao reembolso completo dos seguintes gastos:
 - o Calquera gasto en que incorra para a obtención de permisos necesarios para a súa residencia e traballo no país de destino, ben como para a residencia do seu cónxuxe, ou persoa con que manteña unha relación análoga, e os seus descendentes.
 - o Gastos de traslado de bens mobles ao lugar de destino, que comprenderá como mínimo 50 kg de peso por envío aéreo para o cooperante e 35 kg por cada acompañante, sempre que este sexa o seu cónxuxe, ou persoa con que manteña unha relación análoga, ou os seus descendentes.

- d. Dereito a unha retribución complementaria para afrontar:
 - o Os gastos fixos de residencia no país de destino, salvo que o contrato estableza outra fórmula que xa inclúa esta situación.
 - o Os gastos de escolarización dos seus fillos no país de destino.
 - e. Dereito a unha previsión social específica, cando o cooperante non tiver suficientemente cubertos algún dos riscos que se relacionan a seguir a través do Réxime Xeral da Seguridade Social ou, se for o caso, a través do Réxime Especial da Seguridade Social dos Funcionarios (Clases Pasivas-Mutualismo Administrativo), mediante a aseguranza das seguintes situacións:
 - o A perda da vida e a invalidez permanente, en calquera dos seus graos, sempre que non resulte de aplicación o previsto na disposición adicional segunda deste real decreto.
 - o Unha atención médica e hospitalaria similar á cobertura a que se ten dereito en España, por calquera continxencia acontecida no país de destino, incluíndo as revisións periódicas xerais e xinecolóxicas, embarazo, parto, maternidade, e as derivadas de calquera enfermidade ou accidente; así como o gasto farmacéutico ocasionado e a medicina preventiva que requiren determinadas enfermidades, epidemias ou pandemias existentes nos países de destino.
 - o A atención psicolóxica ou psiquiátrica por sufrir angustia, estrés postraumático ou calquera outro trastorno de índole similar durante ou ao finalizar o seu labor.
 - o Revisión médico-sanitaria específica ao seu regreso a España.
 - o A repatriación en caso de accidente, enfermidade grave, falecemento, catástrofe ou conflito bélico no país ou territorio de destino.
 - f. Dereito á inmediata atención dos seus problemas polos servizos diplomáticos españois no Estado de destino, en especial, das oficinas técnicas de cooperación, canto ao desenvolvemento adecuado da súa actividade laboral e, de non os haber, polos máis próximos, ben como dos servizos diplomáticos dos Estados membros da Unión Europea nos termos establecidos nos tratados da Unión e demais normativa de aplicación.
 - g. Dereito a que o tempo que actuaron como cooperantes lles sexa computado, como mérito valorable, nas convocatorias de prazas no sector público que garden relación coa cooperación internacional, de acordo co disposto na normativa aplicable e coas bases de cada convocatoria.
2. Os anteriores dereitos descritos poderá exixilos directamente o cooperante á persoa ou entidade promotora da cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria.

Artigo 11. Deberes dos cooperantes.

Ademais dos deberes que deriven da súa relación xurídica coa persoa ou entidade promotora da axuda ao desenvolvemento ou á acción humanitaria, os cooperantes deberán:

- a. Observar unha conduta adecuada no país ou territorio de destino, respectando as leis e os usos locais e as resolucións das autoridades competentes, sempre que non vulneren a Declaración Universal dos Dereitos Humanos do 10 de decembro de 1948, ou o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos do 19 de decembro de 1966, nin tampouco calquera tratado internacional en materia de dereitos fundamentais en que sexa parte o Estado de destino.
- b. Notificar a súa chegada e, no prazo máximo de dous meses, inscribirse no Consulado do Reino de España máis próximo ao seu lugar de destino, así como comunicar a súa partida ao seu regreso.
- c. Notificar a súa chegada e presentarse ante a oficina técnica de cooperación, a través, se é o caso, da organización promotora, co obxecto de informar do labor e tarefas asignados, ben como de establecer a forma e os mecanismos de contacto que caiba manter durante a súa estada.

Artigo 12. Dotación financeira para a aseguranza colectiva dos cooperantes.

1. A Axencia Española de Cooperación Internacional poderá concertar un seguro colectivo que cubra os riscos que lle corresponda determinados no artigo 10.1.e deste real decreto. Así mesmo, as entidades promotoras da cooperación para o desenvolvemento ou a acción humanitaria aboarán a parte que lles corresponda para cubrir as continxencias dos seus cooperantes recollidas no citado artigo.
2. A Axencia Española de Cooperación Internacional negociará coas entidades aseguradoras as condicións das pólizas para a finalidade exposta no parágrafo anterior. A contratación deste seguro colectivo realizarase de acordo co disposto no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e demais disposicións concordantes.
3. As entidades promotoras da cooperación poderán adherirse, para cumprir coas obrigas de aseguramento dos seus cooperantes, ao seguro xeral colectivo contratado pola Axencia Española de Cooperación Internacional, ou poderán subscribir pólizas independentes que, en todo caso, haberán de cubrir, ao menos, as continxencias recollidas no artigo 10.1.e deste real decreto.
4. As comunidades autónomas e, se é o caso, outras administracións públicas que promovan proxectos de cooperación internacional poderanse adherir, igualmente, ao seguro xeral colectivo contratado pola Axencia Española de Cooperación Internacional.
5. A Axencia Española de Cooperación Internacional determinará as porcentaxes ou contías que, se é o caso, deberán achegar as entidades promotoras da cooperación. No que respecta á achega das comunidades autónomas ou doutras administracións públicas interesadas en adherirse a este seguro colectivo, observarase o que se estableza nos respectivos convenios de colaboración.